

A CHARCA

MARTA DÍAZ
LAGE

ESTEFANÍA
FERNÁNDEZ
PÉREZ

ANA MARÍA
LÓPEZ BLANCO

PROPOSTA DE TRABALLO

A ACTIVIDADE CONSISTE NUN PROXECTO QUE CONSISTIRÁ EN:

- VISITAMOS A CHARCA DO COLE. QUE HAI EN ELA?
- ASAMBLEA A AUGA.
- NA AULA TEMOS BARCOS DE XOGUETE, OS LEVAMOS Á CHARCA.
- OS/AS NENOS/AS DESCUBREN QUE OS BARCOS FLOTAN NA AUGA DA CHARCA.
- ASAMBLEA. POR QUÉ FLOTAN OS BARCOS?
- RECOPILAMOS MATERIAL PARA LEVAR Á CHARCA E DESCUBRIR CAL FLOTA E CAL NON.
- PEDIMOS A COLABORACIÓN DAS FAMILIAS PARA QUE NOS AXUDEN A RESPONDER. POR QUÉ UNS MATERIAIS FLOTAN E OUTROS NON?

OBXECTIVO

- O OBXECTIVO PRINCIPAL É QUE OS/AS NENOS/AS SE PLANTEXEN A PREGUNTA: POR QUÉ UNS MATERIAIS FLOTAN E OUTROS NON?
- LOGRAR A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS NO EXPERIMENTO.
- TRABALLARAR OUTROS CONTIDOS COMA:
 - A IMPORTANCIA DA AUGA.
 - OS TAMAÑOS.
 - DISTINTAS FORMAS.
 - O PESO.

Preguntas conversación inicial

TÓDOLOS DÍAS UN NENO RECOLLE DO PATIO DIFERENTES MATERIAIS:
PEDRAS, AREA, MADEIRA, BICHIÑOS QUE VAI ATOPANDO...

CANDO CHEGA Á AULA E SE DA CONTA DE QUE TRAE TODO ESE MATERIAL
NO SEU BOLSILLO ACODE CORRENDO AO BAÑO PARA TIRALO...

PERO UN DÍA LLE CONTA Á PROFE QUE TIROU UNHA XOANIÑA NO BAÑO E
QUE FLOTA... POR QUÉ FLOTA? PREGUNTA

REALIZAMOS UNHA ASAMBLEA:

A RESPOSTA DA MAIOR PARTE DOS NENOS E NENAS É: “A XOANIÑA FLOTA
PORQUE TEN ÁS”

- “PERO OS BARCOS NON TEÑEN ÁS E FLOTAN”
- “E AS PEDRAS NON FLOTAN”
- “E TAMÉN EU NA MIÑA CASA TEÑO UNS PATIÑOS NA BAÑERA E FLOTAN”
- “E EU TEÑO UNHA TARTATUGA QUE TAMÉN FLOTA”
- “PERO AS TARTARUGAS NON TEÑEN ÁS”.
- “POIS OS MEUS CANS CANDO SE TIRAN NA AUGA TAMÉN FLOTAN E NON
TEÑEN ÁS”
- “TAMÉN OS PEIXES FLOTAN, PERO É PORQUE SABEN NADAR”

PREGUNTA A PROFE, QUE COUSAS FLOTAN E CALES NON?

EXPERIENCIA REALIZADA

- ASAMBLEA INICIAL. UNHA XOANIÑA QUE RECOLLÍN NO PATIO E TIREI AO BAÑO ESTÁ FLOTANDO.
- ASAMBLEA. A XOANIÑA FLOTA. POR QUÉ? QUE OUTRAS COUSAS QUE VOS COÑECEDES FLOTAN?
- VISITAMOS A CHARCA DO COLE. QUE HAI EN ELA?
- RECOPIAMOS MATERIAL QUE POIDAMOS LANZAR Á CHARCA PARA DESCUBRIR SI FLOTA OU NON. DEBERÁ SER MATERIAL DE DISTINTOS TAMAÑOS E FORMAS PARA TRABALLAR OUTROS CONCEPTOS.
- VISITA Á CHARCA. LANZAMOS TAPÓNS, FOLLAS, BARCOS DE XOGUETE, PAPEIS E TROZOS DE MADEIRA. FLOTAN?
- ASAMBLEA. QUE MATERIAIS FLOTAN E CALES NON?
- SOLICITAMOS A COLABORACIÓN DAS FAMILIAS PARA QUE NOS AXUDEN A DESCUBRIR POR QUÉ FLOTAN UNS OBXECTOS E OUTROS NON.

IMAXES



IMAXES



IMAXES



IMAXES CONCLUSIÓN COLABORACIÓN DE FAMILIAS

POR QUE FLOTAN ALGUNHAS COUSAS E OUTRAS NON?

- FLOTAN AS COUSAS QUE PESAN POUCO COMPARADO
CO SEU TAMAÑO.

- UN BARCO É GRANDE PERO NON PESA MOITO
- UNHA PEDRA É PEQUENA, COMO UN CORCHO, PERO
O CORCHO PESA POUCO E A PEDRA PESA MÁIS.
O CORCHO FLOTA E A PEDRA NON.
- UN PAPEL SOLO FLOTA PORQUE PESA POUCO,
PERO CANDO SE MOLLA PESA MÁIS E AFUNDE.

• SE UNHA COUSA PESA MÁIS CA AUGA (CO MESMO
TAMAÑO) AFUNDE E SE PESA MENOS FLOTA

AS-PEDRAS-FLOTAN-NON
OS-TAPONS-FLOTAN-SI
OS-BARRIOS-FLOTAN-A
OS-PAPELES-FLOTAN-SI
ROQUE

Valoración aspectos positivos

- OS/AS NENOS/AS APRENDEN NUN ESPAZO DIFERENTE.
- COÑECEMOS A IMPORTANCIA DA AUGA.
- AS FAMILIAS SE IMPLICAN NA ACTIVIDADE.
- APRENDEMOS A TRAVÉS DO XOGO.
- MANIPULAMOS DIFERENTES ELEMENTOS DO MEDIO.
- OS CONCEPTOS NUN ESPAZO ABERTO E MÁIS DIVERTIDO PARA ELES QUE A AULA QUEDAN MELLOR AFIANZADOS E OS/AS NENOS/AS POÑEN MAIOR INTERESE NA ACTIVIDADE.

PODERÍA MELLORAR

- NON MOITAS FAMILIAS SE IMPLICARON NA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE POLO QUE NON DERON RESPOSTA Á PREGUNTA QUE OS/AS NENOS/AS LEVARON ÁS SÚAS CASAS.
- DEBERIAMOS LEVAR MÁIS MATERIAL PARA PROBAR SI FLOTA OU NON.
- PODERIAMOS FACER TAMÉN ANOTACIÓNS FEITAS POR NENOS/AS PARA TRABALLAR TAMÉN A LECTOESCRITURA ANTES DE IR Á CHARCA.